

AILENII, Simona (2019): *A traducción galego-portuguesa do romance arturiano. Os primeiros testemuños*. Porto: estratégias creativas (estudos medievais 6), 499 pp.

A doutora Simona Ailenii, investigadora do SMELPS (*Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade* do Instituto de Filosofía da FLUP) e profesora da Universidade “Alexandru Ioan Cuza” de Isasi (Romanía), é unha recoñecida especialista no ámbito da prosa arturiana ibérica, en que ten publicado na última década diferentes traballos en revistas e monografías especializadas, entre as que convén salientar: “Das particularidades de traducción das versións ibéricas de *Merlin* e da sua *suite*” (2019), “Traducción peninsular das estórias do *Santo Graal, Merlin e Tristan*” (2017), “A traducción galego-portuguesa do romance arturiano nos séculos XIII e XIV” (2013) ou “O arquétipo da traducción galego-portuguesa da *Estoire del Saint Graal* à luz de um testemunho recente” (2009). A obra reseñada aquí, editada por estratégias creativas, continúa o ronsel doutras iniciativas de investigación artúrica lideradas polo SMELPS, como a edición da *Estória do Santo Graal* ou *Livro Português de José de Arimateia* (2016), onde tamén participa S. Ailenii; ou as monografías *Do Lancelot ao Lançarote de Lago: Tradição textual e difusão ibérica do ms. 9611 BNM* (2015) e *A escrita romanesca no ciclo do Pseudo-Boron* (2010).

A traducción galego-portuguesa do romance arturiano. Os primeiros testemuños representa o cumio dun proceso de investigación e revisión constante por parte da autora iniciado xa con anterioridade á defensa da súa tese de doutoramento (2012) na Facultade de Letras da Universidade do Porto. O ensaio constrúese sobre o estudo multidisciplinar dos tres testemuños artúricos ibéricos máis antigos –os tres fragmentarios e redixidos en galego-portugués entre os séculos XIII e XIV– comparados coa tradición textual francesa da que proceden (os ciclos do *Saint Grial*, do *Merlin* e do *Tristan*). Trátase, por unha parte, da *Estória do Santo Graal* –tamén coñecida como *Livro de José de Arimateia*–, transmitida nun fragmento

de finais do séc. XIII ou comezos do XIV (Arquivo Distrital do Porto, ms. NOT/CNS-TS01/001/0012) e á íntegra nun códice do séc. XVI (Arquivo Nacional da Torre do Tombo, ms. 643). Os outros dous testemuños estudados transmiten o *Livro de Merlin* (Biblioteca de Catalunya, ms. 2434) e o *Livro de Merlin* (Archivo Histórico Nacional de Madrid, L. 1501/7).

O estudo de S. Ailenii, baseado necesariamente no método comparatista e cimentado nos principios da filoloxía material, estrutúrase en catro grandes bloques de contido centrados na análise pormenorizada da materialidade física (estudos codicolóxico e paleográfico) e textual (estudo de colación e tradución) da tradición manuscrita en cuestión. Na Parte I da monografía (pp. [17]-42), realízase unha descrición individual dos tres manuscritos coa finalidade de ofrecer unha ficha codicolóxica detallada e actualizada de cada un deles. Nela podemos encontrar información valiosa en relación aos aspectos externos (dimensións, numeración, rúbricas, escrita, correccións, capitais, estado de conservación etc.) e internos (*incipit* e *explicit*, osbservacións sobre o contido, data, procedencia, posuidores etc.) tirados da análise do soporte material de cada fragmento. Polo que respecta á Parte II (pp. [43]-112), preséntase unha análise paleográfica exhaustiva, tomando en consideración as diferentes unidades (alo)gráficas e abreviativas máis representativas do *usus scribendi* de cada manuscrito. Certamente, é moi loábel o esforzo por ilustrar –con exemplos e imaxes de boa resolución– cada un dos trazos (picto)gráficos analizados, o que contribúe ao avance no estudo das tipoloxías escriturarias góticas usadas no espazo occidental galego-portugués, polo menos, nas primeiras décadas do Trescentos. O dito esforzo non só se manifesta nos estudos paleográficos individuais de cada manuscrito, mais tamén nos Apéndices 4 a 7 da monografía

(pp. [421]-475), en que se ofrece o inventario (braqui)gráfico de minúsculas, maiúsculas, capitais e abreviaturas dos tres testemuños. No caso dos símbolos abreviativos, só se relacionan os do *Livro de Merlin* (cf. *infra*); para os outros dous manuscritos cómpre consultar os capítulos correspondentes na Parte II. Pola súa parte, no Apéndice 1 (pp. [371]-373) inclúense dúas fotografías de detalle do fragmento de Santo Tirso.

Nestes dous primeiros bloques de contido, quero salientar dous aspectos particularmente suxestivos para o público interesado na materia. Por unha parte, cómpre parebenizar a autora polo estudo paleográfico comparativo incluído no capítulo cuarto da Parte II (pp. 91-112), complementado co Apéndice 7 de abreviaturas (pp. 471-475), en que se confronta a escrita do *Livro de Merlin* con diferentes pezas documentais –datadas entre 1293 e 1313– do *scriptorium* de D. Dinis, contribuíndo así ao necesario estudo conxunto da produción documental e librería coeva coa finalidade de adiantar hipóteses sobre o centro de produción e mesmo os artífices involucrados na copia do códice arturiano. Se callar, un estudo comparativo similar a este ou ao realizado para o manuscrito tristaniano (Pichel e Varela Barreiro 2017: 179-192), poderá axudar a encadrar tamén a escrita do fragmento de Santo Tirso, cuxa cronoloxía aínda debe ser revista á luz dalgúns trazos lingüísticos aparentemente contraditorios (Souto Cabo 2017: 18, n. 9). En segundo lugar, resulta de especial interese a información codicolóxica e paleográfica recollida no caso do fragmento madrileño (o *Livro de Tristam*), pois, como é sabido, non é até época recente que se puido volver facer un estudo arqueolóxico do manuscrito orixinal, desaparecido durante varias décadas nas dependencias do AHN até a súa redescuberta en 2009. Polo que respecta á procedencia e itinerario (pos)medieval (pp. 41-42) deste testemuño, aínda fica moito por pesquisar, mais de momento xa se poden tomar en consideración algúns traballos que exploran con garantías ambas as dúas cuestións (García-Fernández 2016, Pichel 2017, Pichel e Varela Barreiro 2017). Este último, o único citado pola autora, permite adiantar a cronoloxía da copia galego-portuguesa do *Livro de Tristam* ás primeiras décadas do séc. XIV e restrinxir a posíbel área xeográfica e cultural de produción ao ambiente señorial transfronteirizo dos Lima-Batisela. Os outros dous traballos débense tomar tamén

en consideración por exploraren, desde a perspectiva da historia social e cultural, o itinerario do manuscrito desde o círculo dos Lima até o entorno nobiliario dos duques de Arjona –dona Aldonza de Mendoza e don Fadrique, conde Trastámara, Lemos e Sarria– nas primeiras décadas do séc. XV, pasando antes polos dominios dos Lima-Seixas –dona Joana Vasquez das Seixas e don Fernán Eanes de Lima– nos últimos anos do Trescentos.

As seccións III e IV do ensaio, orientadas ao estudo textual, ofrecen unha análise pormenorizada da colación e da tradución dos testemuños galego-portugueses con respecto á tradición francesa da que proceden. No primeiro caso (pp. [113]-199), os capítulos 1 e 2 ofrecen un estado da arte verbo da organización cíclica do romance arturiano –resumindo as diferentes visións relativas á Post-Vulgata e ao ciclo do Pseudo-Robert de Boron de acordo, respectivamente, coas teses de Fanni Bogdanow e José Carlos Miranda– e da súa temperá tradución ibérica nas tres áreas peninsulares onde se difundiu, isto é, a galego-portuguesa, a castelá e a catalá. No terceiro capítulo, unha vez exposta a materia narrativa dos tres manuscritos galego-portugueses en foco, ofrécesenos unha demorada *collatio* entre estes e os testemuños franceses –tomouse en consideración até dez testemuños representantes das diferentes tradicións da *Estoire del Saint Graal* (redacción breve e mixta), así como do *Merlin* e do *Tristan*–, informando tanto da antigüidade do texto transmitido nas traducións como da configuración das fontes francesas que orixinou a tradición peninsular. Para o caso dos testemuños galego-portugueses, como é lóxico, a autora tivo en conta as particularidades da súa tradición textual e manuscrita: como é sabido, para o caso do *Livro de Merlin* e do *Livro de Tristam* contamos apenas cun testemuño único, e no caso da *Estória do Santo Graal* os dous testemuños coñecidos (o fragmento de Santo Tirso e a copia integral do séc. XVI) transmiten dous ramos distintos do mesmo arquetipo peninsular sen que ningún represente o antepasado do outro.

Polo que respecta á Parte IV (pp. [201]-364), nos tres primeiros capítulos abórdase, en termos de tradución, o confronto dos testemuños galego-portugueses coa tradición francesa explorada anteriormente na *collatio* (Parte III), co triplo obxectivo de ilustrar os diferentes recursos da lingua de chegada na expresión

de formas e contidos da lingua de partida, reflexionar sobre as particularidades individuais e globais dos tres textos traducidos, e delinear o perfil cultural e lingüístico así como o seu comportamento perante os modelos franceses por parte do tradutor ou tradutores responsábeis das versións galego-portuguesas. Após un primeiro apartado introdutorio sobre a periodización da historia da teoría da tradución, o estudo céntrase polo miúdo nos diferentes métodos –*ad verbum*, *ad sensum*–, técnicas e procedementos –ausencia (por redución parcial ou total de segmentos redundantes de carácter nominal, verbal, adverbial, frásico ou narrativo), amplificación (por reiteración de elementos nominais, verbais ou frásicos), reformulación (de segmentos verbais ou frásicos; por síntese ou por anáfora), adaptación ou modificación (estrutural)– empregados no acto de tradución, prestando especial atención aos casos en que o texto de chegada diverxe do texto de partida transmitido nos testemuños franceses dispoñíbeis. Para alén desta análise, no cuarto capítulo discútese os casos lexicais comúns á tradición peninsular occidental e os casos afíns nos textos franceses, atendendo ás diferentes solucións fornecidas nas traducións coñecidas, como a expresión idiomática con cariz relixioso (ex. *Deus*), as formas de tratamento social (*don*, *señor* vs. *monseigneur*, *sire*, *seigneur*, *dant*; *dona*, *donzela*, *molher* vs. *dame*, *damoisele*, *femme*) ou determinadas unidades léxico-semánticas (*travailliez et si navres*, *compaignons*, *grant piece* vs. *granment*, *meismes*, *on* ou *morteus hom*).

Por último, o estudo de S. Ailenii complétase cun breve capítulo de conclusións xerais e con dous apéndices coa transcripción paleográfica do fragmento de Santo Tirso, cuxo texto é menos coñecido, certamente, do que os outros, apresentada de maneira autónoma (Apéndice 2, pp. [375]-382) mais tamén en útil confronto coa transcripción paleográfica do outro testemuño da *Estoire*, o códice tardío do ANTT antecitado e que, como xa se indicou, foi obxecto de reedición recente polos investigadores do SMELPS (Apéndice 3, pp. [383]-419). Con certeza, a monografía que aquí se reseñou está chamada a encabezar os andeis virtuais e físicos de calquera biblioteca de referencia especializada no noso patrimonio arturiano medieval. Parabéns á autora pola perseveranza e o esforzo investido nesta liña de investigación, á que novamente vén de contribuír de maneira decisiva e na que é xa un referente imprescindíbel.

Referencias bibliográficas

- Ailenii, Simona (2009): “O arquétipo da tradución galego-portuguesa da *Estoire del Saint Graal* á luz de um testemunho recente”, *Revista Galega de Filoloxía* 10, pp. 11-38.
- (2012): *Os Primeiros Testemunhos da Tradución Galego-Portuguesa do Romance Arturiano*. Tese de doutoramento. Porto: Universidade do Porto, Faculdade de Letras, <https://repositorio-aberto.up.pt/handle/10216/67288>.
- (2013): “A tradución galego-portuguesa do romance arturiano nos séculos XIII e XIV”, *e-Spania* 16, <http://espania.revues.org/22611>.
- (2017): “Tradución peninsular das estórias do Santo Graal, Merlin e Tristan”, en J. C. R. Miranda (org.), *En Doiro antr’o Porto e Gaia. Estudos Literatura Medieval Ibérica*. Porto: estratégias criativas, pp. 135-150.
- (2019, no prelo): “Das particularidades de tradución das versións ibéricas de *Merlin* e da sua suite”, *Revista Galega de Filoloxía* 20.
- Correia, Isabel Sofia Calvário (2015): *Do Lancelot ao Lançarote de Lago: Tradição textual e difusão ibérica do ms. 9611 BNM*. Porto: estratégias criativas.
- García-Fernández, Miguel e Pablo Otero Piñeyro Maseda (2016): “El origen gallego del *Livro de Tristan*: hipótesis sobre su procedencia e itinerario”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 43, pp. 385-403, <http://dx.doi.org/10.15304/verba.43.2528>.
- Laranjinha, Ana Sofia (2010): *A escrita romanesca no ciclo do Pseudo-Boron*. Porto: estratégias criativas.
- Miranda, José Carlos Ribeiro; Simona Ailenii, Isabel Correia, Ana Sofia Laranjinha, Eduarda Rabaçal (eds.) (2016): Estória do Santo Graal. Livro Português de José de Arimateia. *Manuscrito 643 do Arquivo Nacional da Torre do Tombo*. Porto: estratégias criativas.
- Pichel, Ricardo (2017): “O casal Lima-Seixas no percurso da produción literaria galega a cabalo dos séculos XIV e XV”, *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio* 3, pp. 113-119.
- Pichel, Ricardo e Xavier Varela Barreiro (2017): “O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 20, pp. 159-214, <http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57636>.
- Souto Cabo, José António (coord.) (2017): *Obras Pioneiras da Cultura Portuguesa. Vol. 1. Primeiros textos em português. Cantigas trovadorescas, prosa literária e documentação instrumental (Seleção)* [dirs. J. E. Franco e C. Fiolhais]. Lisboa: Círculo de Leitores.

Ricardo Pichel
 Universidad de Alcalá
 ricardo.pichel@uah.es